



Confederación Intersindical Galega

ENSINO

www.cig-ensino.com

INFORMA

Xuño 2011

Non ao recorte intolerable das axudas á investigación da Xunta de Galicia

A CIG Ensino, ante o recente anuncio por parte da Secretaría Xeral de Universidades da Xunta de Galicia no que se prevé un importante recorte das convocatorias de apoio á investigación, manifesta o seu total rexeitamento e indignación por unhas medidas que suporán un grave retroceso, non só no fortalecemento, senón tamén no propio mantemento do sistema galego de ciencia, tecnoloxía e innovación.

Segundo as previsións manifestadas pola Secretaría Xeral de Universidades, Neste ano 2011 sairá unha convocatoria para estadías, pero tan só para os contratados María Barbeito e Anxeles Alvaríño. Tamén resulta especialmente grave o anuncio de que non se convocarán novas axudas para proxectos de investigación, nin axudas para agrupacións estratéxicas, nin contratos posdoutorais, nin de tecnólogos.

Dende CIG Ensino preguntámonos que vai suceder co resto do persoal docente e investigador das universidades que teña previsto realizar algunha estadía de investigación, imprescindibles en moitos casos tanto para o avance de liñas de investigación como para dar cumprimento aos requisitos que se establecen a nivel de promoción e estabilización.

Do mesmo xeito, dende CIG Ensino preguntámonos que clase de goberno ten Galicia, que se permite pechar (cando menos este ano) estas convocatorias de axuda á realización de investigacións que sen dúbida contribúen a fortalecer as capacidades investigadoras, así como a obter resultados que acaban revertendo no desenvolvemento



e económico e social do noso país. E todo isto, precisamente, no momento no que máis se necesita avanzar nesa dirección.

Dende CIG opinamos que estamos ante un paso atrás máis, dun goberno obsesionado co cumprimento da austeridade baixo o lema "a toda costa", sen reparar no dano que, con este tipo de medidas, se lle fai ao conxunto da sociedade galega, freando as súas posibilidades de desenvolvemento futuro.